

¿Qué ten o mozo?

(Cantares Gallegos)

¿Qué ten o mozo?

¡Ai!, ¿qué terá?

Ponme agora unha cara de inverno,
despois na fiada, ¡sonrisas de tal!
quer que baile con el no muíño,
¡aló pola vila nin fala quisáis.

¿Qué ten o mozo?

pois... ¿qué terá?

Unhas veces, canciño de cego,
por onde eu andaré seguíndome vai;
nin hai sitio donde eu non atope
un Brais con cirolas e zocos na man.

¡Ai, que mociño!

¡Ai, que rapaz!

Noutro instante, ¡mirá qué fachenda!
atruxos que asombran ó mesmo lugar.
¡¡¡Brrr!!!, parece que pasa soberbo,
mandando nos homes su real maxestá.

Mociño, ¿és tolo?

¡Ai!, ¿si o serás?

Eu non podo entender, meu amore,
qué airiños te levan, qué airiños te tran,
nin tampouco cál xeito te cadra,
tratándose, mozo, do teu namorar.

¡Ai!, ¡Dios me libre

de ti, bon Bras!

Que no meu entender te acompaño
ó mesiño de marzo marzal:

pola mañán, cariña de rosas,
pola tarde, cara de can

¡Mala xuntanza

facemos! ¡¡Ai!!

¿Qué di a meiguiña,

que di a traidora?

Corazón que enloitado te crubes
con negros desprezos que a falsa che dona,
¿por qué vives sofrindo por ela?
¿por qué, namorado, de pena saloucas?

Si ela é bonita,

ela é traidora.

Di, con mengua de min, que non sabe
qué airiños me viran, veleta mal posta..
que cho digan, rapaza, os teus ollos,
que agora me chaman, dempois me desbotan.

Que anque es bonita,

eres traidora.

Si unhas veces amante che falo,
e si outras renego de ti... ¡pecadora!,
¿cáles auguas repousan serenas,
si o vento que as manda rebole antre as ondas,

E ti ben sabes

que es revoltosa.

Son canciño de cego en quererte...:
tal bulra merece quen ama sin conta,
pois cos zocos na man ou sin eles,
ás portas do inferno seguíndote fora.

Tal estou tolo,

tal es graciosa.

¡Que de marzo marzal teño a cara...!
quisáis que así sea, mais ti, miña xoia,
tamén es cal raiola de marzo,
que agora descubre, que agora se entolda.

Iguales semos,

nena fermosa.